




Carlos Casares

Carlos Casares

Biografía

Día das letras galegas 2017



OS PRIMEIROS ANOS

Carlos Casares Mouriño naceu na cidade de Ourense o 24 de agosto de 1941.

Era fillo de Francisco Casares Dacal e Manuela Mouriño Pérez. Cando apenas Carlos ten tres anos a familia trasládase a vivir á localidade ourensá de Xinzo de Limia, na que o pai, natural desta localidade, traballará de mestre.

A infancia de Carlos en Xinzo pásaa na compañía dos seus irmáns, Mercedes e Xavier e da súa numerosa familia espallada pola contorna: Lamas, Beiro e Sabucedo que deixarán no neno unha gran pegada que reaparecerá, anos máis tarde, na súa creación literaria.

Á idade de once anos, por influencia da nai e da familia desta, de fondas raigames relixiosas, Carlos ingresa no Seminario de Ourense co obxectivo de seguir estudos eclesiásticos.

Durante o tempo de estadía no Seminario, do ano 52 ao 57, comeza a súa andaina literaria e convértese en «director e único redactor» dun diario manuscrito, «El Averno» que se distribuirá dentro do Seminario e que lle ocasionará máis dun disgusto.

No Seminario tamén se converte nun ávido lector, dende os clásicos ata os autores españois e extranxeiros que conseguían pasar a forte censura da época. Esta ansia pola lectura vaina continuar durante as vacacións en Xinzo, onde o bibliotecario Antonio Rodríguez, de ideas



Carlos co seu pai Francisco



Carlos Casares co seu curmán Xosé.

políticas de esquerdas, proporcionaralle libros non autorizados polo réxime franquista.

Pero a vida eclesiástica non era a que Carlos quería así que decide seguir os estudos de bacharelato por libre no instituto de Ourense e asistindo a clase nun colexio de Xinzo de Limia.

Esta decisión permítelle ter máis tempo libre que aproveita para escribir. Preséntase a un concurso provincial de relatos breves e gáñao.

Este premio facilítalle coñecer a un membro do xurado, Vicente Risco, un intelectual galeguista que o vai introducir no faladoiro do Café Parque, principalmente, pero tamén no do Miño ou no do Volter, onde contactará cunha chea de artistas e escritores ourensáns que influirán na súa vida literaria decisivamente.



En Ourense, na adolescencia.

Arquivo Familia Carlos Casares



Carlos Casares nos anos 60.

Fundación Carlos Casares. arquivo La Región

A UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ

No ano 1962 comeza os estudos de Filosofía e Letras, na especialidade de Filoloxía Románica, na Universidade de Santiago de Compostela, estudos que rematará seis anos máis tarde.

Durante a súa estada en Compostela coñece, casualmente, a Arcadio López-Casanova que lle facilita a relación con Ramón Piñeiro, integrante e líder do movemento cultural galeguista e antifranquista ao que se adscribe rapidamente Carlos.




Ramón Piñeiro e Carlos Casares.

Este posicionamento político permítelle organizar actos e actividades culturais contrapostas ás organizadas polos sindicatos estudiantís universitarios franquistas.

Nesta época, en 1967, publica o seu primeiro libro de relatos «Vento ferido», composto por doce relatos xuvenís breves e con debuxos de Xulio Maside. A editorial que se fai cargo da publicación é Galaxia que Carlos dirixirá anos máis tarde.

Un ano despois preséntase a un concurso de relatos que convoca a Asociación Cultural «O Facho» da Coruña coa obra para nenos «A galiña azul». Acada o 1º premio e ese mesmo ano é publicada pola Editorial Galaxia.

«A galiña azul» consta de cinco pequenas historias entrelazadas e está ilustrada por catro irmáns, fillos do médico e ilustrador ferrolán Xo-



«Vento ferido», a primeira obra de Casares, foi publicada en 1967.



hán Ledo.

As historias narradas nestes contos son fantásticas e nelas aparecen persoas e animais sorprendentes.

A obra foi escrita para Ana, unha rapaza de sete anos que marchaba cos seus pais para Cantabria e co propósito de que non esquecera as súas orixes e o idioma galego.

Despois de rematados os estudos universitarios Carlos comeza a traballar como profesor auxiliar nun colexio de Viana do Bolo o «Colegio Libre Asociado» no que se enfrenta á dirección do centro por un asunto relacionado coa defensa das familias que non podían pagar o comedor escolar dos seus fillos. O detonante é unha obra teatral realizada no centro e o despido é fulminante. A Universidade de Santiago prohibelle exercer a docencia en ningún colexio galego.

Dende un centro escolar de Bilbao ofrécenlle a posibilidade dun traballo temporal e Carlos abandona Galicia.



As ilustracións de «A galiña azul» foron realizadas polos catro fillos do ilustrador ferrolán Xohán Ledo.



Carlos exerceu durante un tempo como profesor de ensino primario, despois pasou a dar clase en secundaria.

Arquivo Familia Carlos Casares

DE VOLTA A GALICIA

Nunha das viaxes que realiza Carlos Casares dende Bilbao a Ourense, coñece á que sería a súa muller, Kristina Berg, unha rapaza sueca que viña embarcar como radiotelegrafista nun buque, o Aurora, que ía rumbo á India.

Carlos invitou a Kristina a coñecer Santiago e dende aquela fixaron os dous a súa residencia en Ourense, cidade na que Carlos dará clases nunha escola de secretariado. Casounos, en 1971, un tío de Carlos, o párroco de Beiro. Despois da cerimonia viaxaron a Suecia, país polo que Casares sentirá unha gran admiración e poñerá como modelo político para a Galicia democrática pola que tanto loitará.


Tamén comeza nesta época as súas colaboracións co xornal ourensán «La Región». Os seus artigos aparecerán baixo o título de «Con esta lupa» e serán ilustrados polo debuxante Siro López.

Coa obra «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas» acada o 1º premio do concurso de Teatro Infantil convocado pola Agrupación Cultural «O Facho» da Coruña e no que concursaron 23 obras. A obra foi estreada o 27 de maio de 1973 na I Mostra de Teatro Galego celebrada en Ribadavia e organizada pola Agrupación Cultural Abrente.



Carlos con Kristina Berg, a súa muller.

Arquivo Familia Carlos Casares



A obra teatral «As laranxas máis laranxas...» foi estreada en Ribadavia en maio de 1973.

En 1974 convócanse oposicións para profesorado de Lingua e Literatura Española, Carlos apróbaas e consegue praza no instituto de Cangas, en Pontevedra.

No último ano da ditadura franquista ábrese un novo expediente disciplinario, esta vez como consecuencia do seu apoio ás reivindicacións do profesorado sen praza fixa, o non numerario. Nesta mesma época, e polo mesmo motivo, tamén se expedienta a Alonso Montero, Méndez Ferrín e Francisco Rodríguez profesores coma el e militantes antifranquistas.

En 1975 publica «Xoguetes para un tempo prohibido» que é premiada no certame convocado pola Editorial Galaxia para a conmemoración do vinte e cinco aniversario da súa fundación.


Nesta novela Carlos Casares inclúe algúns trazos autobiográficos. Conta a historia de Elías, un rapaz ourensán que pasa a súa adolescencia nun centro relixioso e despois marcha a facer o bacharelato a Ourense onde bota moza e recupera vellas amizades. A súa traxectoria, moi semellante á do autor, remata na universidade compostelá, onde entra en contacto coa militancia antifranquista e participa na vida cultural e lúdica da cidade.

Comeza a publicar en «La Voz de Galicia» unha colaboración semanal que leva por título «A ledicia de ler», con comentarios de libros. Esta columna manterase nas páxinas do xornal durante dezasete anos, ata o 1992.

O 27 de maio de 1978 ingresa na Real Aca-



Xulio Maside foi o ilustrador do primeiro libro de Casares, «Vento ferido».




A novela «Xoguetes para un tempo prohibido», publicada en 1975, contén trazos autobiográficos do autor.

demia Galega cun discurso de ingreso titulado «O desastre de 1898 e os escritores galegos» e no que dá unha visión da crise da literatura galega nesa época. Convértese Casares, con 37 anos, no membro máis novo desa institución.

Na Real Academia intégrase, xunto co seu amigo Ramón Piñeiro, nunha comisión para a elaboración das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego, que se conseguen aprobar en 1982, en colaboración co Instituto da Lingua Galega. Estas normas constituirán unha ferramenta básica para a futura oficialización do noso idioma.

En 1980 publica a que sería a súa novela máis coñecida e popular «Ilustrísima», editada pola Editorial Galaxia, na que narra o enfrontamento entre a curia reaccionaria dunha cidade do interior galego e o bispo de talante máis tolerante e progresista por mor da instalación na localidade dunha sala de cine.



Casares, segundo pola dereita e en primeira fila, nun acto celebrado no cemiterio de San Amaro, na Coruña, para conmemorar o 75 aniversario da Real Academia Galega.

Arquivo Real Academia Galega

O PARLAMENTO GALEGO

Carlos estaba implicado na vida política galega dende os seus anos de universidade compostelá, reivindicando a autonomía para Galicia, nas mesmas condicións que se reclamaban para Cataluña e Euskadi e foi un dos asinantes do manifesto de Realidade Galega para conseguir un Estatuto Galego.

Este compromiso político fai que se presente ás eleccións ao Parlamento Galego do 20 de outubro de 1981 nas listas dos PSdeG-PSOE.

Consegue a súa acta de deputado xunto con outros intelectuais galeguistas: Alfredo Conde, Ramón Piñeiro e Benxamín Casal, que concorren na mesma lista que Casares coa denominación de «galeguistas independentes»

Froito do seu traballo no Parlamento apróbase a Lei de Normalización Lingüística, refrendada posteriormente por todas as forzas políticas, e a creación do Consello da Cultura Galega, entidade que presidirá, anos máis tarde, o propio Casares.

Uns meses antes de rematar a lexislatura, en 1985, Piñeiro propón a Carlos Casares como director da Editorial Galaxia. Acepta e decide non presentarse de novo ás eleccións autonómicas para adicarse plenamente ao traballo na editorial, especializada na edición de libros en galego.



Carlos Casares obtivo a acta de deputado do parlamento galego como «independente» nas listas do PSdeG-PSOE.



Cos deputados Alfredo Conde, Ramón Piñeiro e Benxamín Casal.

A EDITORIAL GALAXIA

A Editorial Galaxia foi fundada o 25 de xullo de 1950 pola iniciativa de militantes do Partido Galeguista que consideraron que había que potenciar a nosa lingua e a literatura aproveitando as escasas posibilidades que deixaba a ditadura franquista.

Un grupo de galeguistas, presidido por Ramón Otero Pedrayo, reuníronse no Hotel Compostela, en Santiago crearon a editorial e convertérona no motor da recuperación da lingua e a cultura galega.

O primeiro consello de administración da editorial, á que lle deron a forma dunha sociedade mercantil, estaba formado, case ao completo, pola dirección do Partido Galeguista: Otero Pedrayo, Gómez Ramón. Francisco del Riego, Xaime Isla e Ramón Piñeiro.

O primeiro libro editárono en abril de 1951, «Antífona da cantiga» de Ramón Cabanillas.

Cando Casares colle a dirección de Galaxia, en 1986, profesionaliza todas as seccións e converte a editorial nun referente cultural de Galicia.

Nesta etapa Galaxia edita as obras completas de Fole, Risco, Castelao... e traduce os clásicos gregos e latinos ao galego así como autores internacionais como Hemingway, Conan Doyle...

Tamén se crearon coleccións que impulsaron a narradores novos e facilitaron a aparición



Casares nunha conferencia no xornal «La Voz de Galicia» no ano 1995.

Arquivo Real Academia Galega



«O can Rin e o lobo Crispín», publicado en 1983.

de proxectos como o Dicionario de Lingua Galega ou o Anuario de Estudos Literarios.

Casares compaxinou o traballo en Galaxia coa dirección da revista Grial e, en 1996, dirixiu o Consello da Cultura Galega ao que incorporou novos aspectos que ampliaron os horizontes da nosa cultura: comunicación, novas tecnoloxías, urbanismo...

Os últimos anos da súa vida son tamén os das grandes viaxes, participando en encontros de escritores, conferencias, iniciativas humanitarias...

Concédeselle o premio Fernández Latorre de Xornalismo e unha bolsa de estudos, en 1995, da Literarisches Colloquium de Berlín que lle permite pasar dous meses na cidade alemá de Wansee onde comezará a escribir «Deus sentado nun sillón azul».

No 2000 intégrase no Expreso da Literatura con máis de oitenta escritores de todas as linguas europeas para percorrer o continente, dende Lisboa a San Petersburgo.

Non deixa de escribir e publica, entre 1991 e 1994, os relatos infantís de «Toribio», ilustrados por Penélope Ares: «Este é Toribio», «Toribio contra o profesor Smith», «Toribio e o contador de contos», «Toribio ten unha idea», «Toribio revoluciona o tráfico».

En 1996 publica o seu último conto de temática netamente infantil, «Lolo anda en bici».



Con Fernández del Riego o día súa elección como presidente da Real Academia Galega en 1997.

Arquivo Real Academia Galega



A serie de Toribio consta de cinco títulos que foron publicados entre 1991 e 1994 pola Editorial Galaxia.

cleta» que acada o premio «Rañolas» ao ser considerado o mellor libro ilustrado do ano.

Ese mesmo ano, 1996, publica «Deus sentado nun sillón azul», unha novela longa, que comezara a escribir un ano antes en Alemania na que reflexiona sobre o papel dos intelectuais na sociedade e centrado na figura de Vicente Risco. Este libro levou o Premio da Crítica Española.

«O sol do verán» a súa última novela, que entregou poucas horas antes de falecer, xira arredor do amor imposible. Por esta publicación, editada postumamente, concederíanlle o Premio da Crítica.

Carlos Casares faleceu na madrugada do 9 de marzo de 2002 en Vigo e foi soterrado no cemiterio de San Fiz de Nigrán, Pontevedra, localidade na que residía coa súa familia.



«Lolo anda en bicicleta», publicado en 1996 en galego e catalán acada o Premio Rañolas como o libro mellor ilustrado do ano.




Integrantes da comisión, da que formaba parte Carlos Casares, que aprobou as Normas Ortográficas do Idioma Galego, en colaboración co Instituto da Lingua Galega, en 1982.

Arquivo Real Academia Galega

OBRA DE CARLOS CASARES

Vento ferido. Galaxia, 1973
Cambio en tres. Colección Illa Nova, Galaxia, 1969
Xoguetes pra un tempo prohibido. Galaxia, 1975
Os escuros soños de Clío. Edicións do Cerne, 1979
Ilustrísima. Galaxia, 1980
Os mortos daquel verán. Galaxia, 1987
Deus sentado nun sillón azul. Galaxia, 1996
O sol do verán. Galaxia, 2002
Curros Enríquez. Galaxia, 1980
Otero Pedrayo. Galaxia, 1981
Vicente Risco. Galaxia, 1981
Conversas con Ánxel Fole. Galaxia, 1984
Francisca Herrera Garrido. Real Academia Galega, 1987
Ramón Otero Pedrayo. (1988, Real Academia Galega, 1988).
Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia. Caixa Galicia, 1991.
 Galaxia, 2005
Fermín Bouza Brey. Real Academia Galega, 1992
Na marxe de cada día: follas dun diario. La Voz de Galicia, 1994
A vida de Ánxel Fole. Galaxia, 1996
Guía da provincia de Pontevedra: arte, cultura e gastronomía. (1996).
Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia, 1996
Ánxel Fole: escolma de textos. Real Academia Galega, 1997
Hemingway en Galicia. Galaxia, 1999
Un país de palabras. Galaxia, 1999
Biografía de Don Juan de la Coba. «Os minilibros de Galaxia», 2000
Olores e sabores do saber. UVi, 2001, fotos de Xulio Gil.
A vida do padre Sarmiento. Galaxia, 2001
Conciencia de Galicia. Galaxia, 2004
Á marxe, 1992. Obra xornalística I. Galaxia, 2005
Á marxe, 1993. Obra xornalística II Galaxia, 2005
Á marxe, 1994. Obra xornalística III Galaxia, 2006
Á marxe, 1995. Obra xornalística IV Galaxia, 2006
Á marxe, 1996. Obra xornalística V Galaxia, 2007
Á marxe, 1997. Obra xornalística VI Galaxia, 2007



OBRA DE CARLOS CASARES

Á marxe, 1998. Obra xornalística VII. Galaxia, 2008

Á marxe: palabra de escritor: 2 de xaneiro-10 de marzo de 2002

A galiña azul. Colección «Tartaruga» de Galaxia, 1968

As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas. ilustrada por Luís Seoane. Galaxia, 1973

O can Rin e o lobo Crispín. Galaxia, 1983

Este é Toribio. Galaxia, 1991

Toribio contra o profesor Smith. Galaxia, 1991

Toribio e o contador de contos. Galaxia, 1991


Toribio ten unha idea. Galaxia, 1992

Toribio revoluciona o tráfico. Galaxia, 1994

O galo de Antioquía. Galaxia, 1994

Lolo anda en bicicleta. Galaxia, 1996

Un polbo xigante. Ilustrado por Enjamio. Galaxia, 2000



«Un polbo xigante», publicado no 2000 e con ilustracións de Enjamio, narra historias de beiramar.

TRADUCCIÓNS

O principiño. (1972) do francés Antoine de Saint-Exupéry

Os escaravellos voan á tardiña. (1989) da sueca M. Gripe

O vello e o mar. (1998) do norteamericano E. Hemingway

Doménica. (1999) de Gonzalo Torrente

A bela Otero. (2000), de Gonzalo Torrente



Dous anagramas utilizados pola Editorial Galaxia.

LOLO ANDA EN BICICLETA

Cando tiña seis anos, Lolo fixo unha cousa que desgustou moito os seus pais. Unha mañá de verán, porque quería ser bo, ergueuse cedo, meteuse na cociña e púxose a preparar o almorzo. Como aínda era moi pequeno e sabía pouco, colleu unha pota e foi botando dentro dela azucre, fariña, marmelada, macarróns, chocolate, leite, azafrán e sal. Despois púxose a remexer todo aquilo ata que chegaron os seus pais, que levaron un desgusto enorme pola desfeita.

Como consecuencia do desgusto, aquel ano, ao pobre Lolo, en vez da bicicleta que pedira, os Reis botáronlle carbóns. O da bicicleta era unha vella ilusión. Lolo non entendía como o seu pai, que tiña unha bicicleta magnífica, andaba tan mal e caía tantas veces. En menos dunha semana rachara tres pantalóns e pillara a unha señora. Noutra ocasión entrara sen querer nunha farmacia e tirara patas arriba ao boticario. Desde entón, ao pai de Lolo chamábanlle «Burra vella», «Ganso» e «Avión de combate». Moitos veciños, cando o vían chegar na bicicleta, metíanse nos portais e pedían socorro.



Carlos Casares: «Lolo anda en bicicleta»

O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN

Unha vez era un can que se chamaba Rin. Era un can grande e forte, aínda que xa un pouco vello. De novo, fora o can máis valente de dez parroquias arredor e contábase del, ademais, que era moi listo. Sabía sumar, recitaba poesías en portugués e daba os saúdos en cinco idiomas diferentes.

De mozote, andara de pastor pola parte de Burgos e alí fixérase famoso porque mentres tornaba as ovellas, calcetaba, e porque sabía dicir o Credo e a Salve en latín corrido e ben pronunciado. Como o can tiña esa gracia de saber rezar, os de Burgos regaláronllo ao señor bispo de Ourense, que foi o seu amo durante cinco meses. Ao cabo dese tempo, o can Rin empezou a dicir animaladas e pecados, que polo visto lle aprendía un sacristán, e que asustaban e incomodaban ás visitas. Por iso o señor bispo llo regalou ao abade de Beiro, co encargo de que aprendera educación e que non escandalizara ao vecindario.

En Beiro, o Rin nunca deu mal que falar. Nada máis chegar á súa nova casa, xa lle fixo un favor á irmá do señor cura: avisouna de que o leite se ía verter no lume.



Carlos Casares: «O can Rin e o lobo Crispín»

A GALIÑA AZUL

Estes días anda o pobo un pouco alborotado. ¿Acórdaste dun rapaz que se chama Lorenzo e que andaba sempre na compañía dun can pequeniño de rabo zuro? Pois Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas roxas na ala dereita. É unha galiña moi bonita e moi rara.

Pon ovos de cores. Xa puxo dous marelos, un rosa e tres verdemar. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas sinón que di cocorocó. E isto ten preocupadas ás autoridades.

Tan preocupadas as ten que hai catro días chegoulle un oficio a Lorenzo pedíndolle que entregara a galiña polas boas. Lorenzo negouse, porque aínda que lle din que soio é para que a vexa o veterinario, o certo é que, según dixo o señor Casimiro, o porteiro do Concello, á galiña vana matar.

O alcalde, Manolito Listón, dixo nunhas declaracións que fixo para a televisión e para os periódicos, que non se podía tolerar a existencia dunha galiña azul, porque -según Manolito Listón- unha galiña azul que pon ovos de cores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido.



Carlos Casares: «A galiña azul»

PARA SABER MÁIS DE CARLOS CASARES...

«Carlos Casares», Ramón Loureiro. A Nosa Terra, 2003

«O conto da vida», Tucho Calvo. La Voz de Galicia, 2003

«Gran Enciclopedia Gallega». Ed. Silverio Cañada, 1974

«Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras»,

Xavier Casares Mouriño. A Nosa Terra, 2004

«Carlos Casares, o amigo das palabras», Rafael Laso Lorenzo. Galaxia, 2013

«Carlos Casares. Compromiso con Galicia», Denis Vicente Rodríguez. Ed. Ir Indo, 2014

Web da Real Academia Galega

Fundación Carlos Casares

